

ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **3 de outubro de 2014**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidenta, dona Rosana Rielo Rozas
- Polo Grupo Municipal Socialista: dona Esther Muñoz Mella
- Polo Grupo Municipal do BNG: dona Cristina Ferreiro López
- Pola Concellería de Infraestructuras e Zona Rural: don Manuel Enrique Chaín Fernández.
- Polo Grupo Municipal do PP: Juan Carlos Plaza
- Pola Intervención Xeral: don Marcial Rodríguez Toajas
- Pola Asesoría Xurídica: dona Ana I. Sáez Mancebo
- Polo Servizo de Contratación: don Manuel Louzao Aldariz, actuando como Secretario.

1.- Aprobación e sinatura, se procede, da acta da sesión do día 26 de setembro de 2014.

Procedeuse a súa aprobación e sinatura.

2.- Propostas para ditame e valoración:

- De Infraestructuras e Zona Rural

- Para a execución das obras de modificación de beirarrúas para vado nas Illas Canarias, por importe de 1.099,50 euros, a favor da empresa **SOLUCIÓNS INTELIXENTES PROFESIONAIS, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Urbanismo e Medio Ambiente

- Para aluguer e mantemento de cabinas sanitarias durante as Festas de San Froilán, por importe de 10.043 euros, a favor da empresa **RECITOR E SANILU, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente, coa abstención do PP, xa que consideran que esta proposta chega tarde e xa están instaladas.

- De Informática

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: acta 03-10-14.doc

Asunto:

- Para substitución de tarxeta de control ventiladores detectada unha avaría no sistema de refrixeración do CPD municipal, por importe de 535,78 euros, a favor da empresa **EMETEL**
- Para servizo anual de soporte de mantemento, por importe de 3.142,49 euros, a favor da empresa **SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L.**
- Para modificacións á aplicación MultaScan, por importe de 344,85 euros, a favor da empresa **TRADESEGUR.**
- Para mantemento anual software de xestión de polideportivos, por importe de 2.280,85 euros, a favor da empresa **GALEASOFT.**
- Para mantemento de dúas licenzas de procesador Oracle Dtabase Standard Edition, por importe de 6.773,86 euros, a favor da empresa **ORACLE.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Desenvolvemento Local (Espazo Lab)

- Para contratación de seguros de accidentes e responsabilidade civil dos cursos: “Operacións básicas de catering”, “Coidador de persoas dependentes e enfermas de alzheimer”, “impresión dixital” e “acabado de carpintería e moble” dentro do programa Lugo Emprego Activo 2, por importe de 1.136,92 euros, a favor de **METRÓPOLIS.**
- Para a adquisición de chaquetas de cociña, pantalóns de cociña, gorros e zocos para a xestión do programa Lugo Emprego Activo 2, dentro do curso: “Operacións básicas de catering”, por importe de 876,16 euros, a favor de **PROTECCIÓN LABORAL VILLALBA, S.L.**
- Para asistencia técnica de impartición de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de Fomento da Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da acción formativa: “Coidador de persoas dependentes e enfermas de alzheimer”, por importe de 200 euros, a favor da empresa **DONA MARÍA DEL CARMEN ÁLVAREZ ARIAS.**
- Para asistencia técnica de impartición de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de Fomento da non discriminación e loita contra a exclusión social da acción formativa “Coidador de persoas dependentes e enfermas de alzheimer” do proxecto Lugo emprego activo 2, por importe de 200 euros, a favor da empresa **DONA LUCÍA FERNÁNDEZ PEINO.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Arqueoloxía (Muralla dixital)

- Para o suministro e instalación de 5 pantallas táctiles para os centros museísticos municipais, por importe de 21.055,21 euros, a favor da empresa **SILAS BARREIRA MARTÍNEZ (SILAS INFORMÁTICA)**.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Deportes

- Para a adquisición de diverso material de reposición e mantemento nas distintas instalacións deportivas municipais: pistas polideportivas e pavillóns, por importe de 6.000 euros. **(PROPOSTA XENÉRICA)**.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Benestar Social e Igualdade

- Para a contratación dunha campaña de información: colocación de macetas e publicación dunha páxina en cor nun dos diarios de maior difusión, por importe de 2.360 euros, a favor de **EL PROGRESO DE LUGO, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Protocolo

- Para a contratación de espazos publicitarios na difusión da X Edición dos premios ó Deporte Lucense, por importe de 4.719 euros, a favor da empresa **EL PROGRESO DE LUGO, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Educación

- Para seguro de accidentes da Escola Infantil Gregorio Sanz, por importe de 624,63 euros, a favor da empresa **BCV ARTAI**.
- Para premios e lotes de libros co motivo do 20º certame de contos e relatos curtos Trapero Pardo, por importe de 1.490,58 euros.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Cultura

- Para aluguer de valos de polipropileno para as parcelas na Praza maior e paseo do Miño co motivo da pirotecnia no San Froilán 2014, por importe de 943,80 euros, a favor da empresa **TALLERES TORNEIRO, S.A.**

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: acta 03-10-14.doc

Asunto:

- Para publicidade en prensa do San Froilán 2014: Ser Galicia, Cope Galicia, Onda cero Galicia, La Voz de Galicia, Faro de Vigo, El País.com e Vtelevisión, por importe de 15.000 euros, a favor de **SER GALICIA, COPE GALICIA, ONDA CERO GALICIA, LA VOZ DE GALICIA, FARO DE VIGO, EL PAÍS.COM e V TELEVISION.**
- Para publicidade en prensa de actividades do San Froilán 2014: páxina web, Radio Galega, El Progreso, por importe de 4.726 euros, a favor de **SAR COMUNICACIÓN XXI, RADIO GALEGA, EL PROGRESO DE LUGO, S.L.**
- Para a sinalización de Gastroarte e instalación de dous cadros eléctricos, por importe de 3.689,81 euros, a favor da empresa **TA TA TA COMUNICACIÓN, S.L.**
- Para espectáculo de pirotecnia os días 5 e 12 de outubro dentro das Festas de San Froilán, por importe de 12.020 euros, a favor da empresa **PIROTECNIA RESÚA e PIROTECNIA ASTARIZ.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

FÓRA DA ORDE DO DÍA, tratáronse as seguintes propostas e foron ditaminadas favorablemente:

- De Infraestructuras e Medio Rural

- Para subministro e colocación de valla de madeira no paseo Álvaro Cunqueiro, por importe de 12.535,60 euros, a favor de **ASOGAL.**
- Para coordinación de seguridade e saúde durante a execución material da obra: Rexeneración de pavimento en Rosende, por importe de 1.694 euros, a favor de **RUEIRO.**

- De Deportes

- Para a instalación de centralita para control automático de PH na piscina municipal de As Pedreiras, por importe de 3.513,13 euros, a favor da empresa **OXIDINE GALICIA, S.L.**

- De Cultura

- Para melloras varias no Auditorio Municipal Gustavo Freire, por importe de 49.916,01 euros, a favor da empresa **MURALLA DE REHABILITACIONES, S.L.U.**
- Para a instalación dunha carpa transparente na Praza de Santa María, por importe de 10.696 euros, a favor da empresa **CARPAS CARBOEIRA, S.L.**
- Para diferentes actuacións: concerto de Gallaecia Big Band, concerto de Lucía Pérez, concerto de Ses, Festiclown, espectáculo instantes imaginarios, Fanfarria Taquikardia e Magnifique Band, concertos de

Mythical Fail, Galuryon, Aro Lastway, Arrhythmia, Rockatnsky Brothers, Ocean`s Garden, Barbarian Prophecies e Kalte Sonne, por importe de 41.926 euros, a favor de **GALLAECIA BIG BAND, LETRAS Y MUSAS, IVÁN SANJURJO GARCÍA, CULTURACTIVA SOC. COOP GALEGA, ASOCIACIÓN CULTURAL LUGO ROCK.**

- De Policía Local

- Para sinais portátiles de prohibida a detención, con placa e trípode para sinalización circunstancial, por importe de 1.873,08 euros, a favor de **SETRAMUR, S.L.**

- De Informática

- Para equipo montado e configurado con sistema de lectura, por importe de 1.306,80 euros, a favor de **OSIATIS.**

4.- Rogos e preguntas

Non habendo máis asuntos que tratar péchase a sesión ás 13:30 horas do día sinalado no encabezamento.